

**REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE.  
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

---

**Acta número 29, de 15 de abril de 2021**

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. A sesión é gravada.

DATA: 15 de abril de 2021

HORA DE COMEZO: 12:00

HORA DE REMATE: 12:45

**ASISTENTES**

Aznar Cuadrado, Virginia  
Barreira Cerqueiras, Eva María  
Campos Magdaleno, María  
García Marín, Pablo  
González Sequeiros, Pablo  
Lago Ballesteros Joaquín  
López Gómez, Silvia  
López Rúa, Paula  
Muñoz Carril, Pablo César  
Navarro Patón, Rubén  
Otero Urtaza, Eugenio Manuel  
Poncet Souto, Marta M<sup>a</sup>  
Romero Castro, María José  
Sarceda Gorgoso, María Carmen

**ESCUSA A SÚA AUSENCIA**

Pena Presas, Monserrat

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achegáñse as actas)
2. Informe da presidencia

3. Aprobación, se procede, das Coordinacións de Curso para o vindeiro 2021-22 (achégase o documento)
4. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 2019-20 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil (achégase o Informe)
5. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 2019-20 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria (Achégase o Informe)
6. Rolda aberta de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores**

A presidenta somete a aprobación a acta número 27, e queda aprobada por asentimento.

A presidenta somete a aprobación a acta número 28, e queda aprobada por asentimento.

### **2. Informe da presidencia**

A presidenta dá conta das reunións do grupo de traballo da Comisión para a elaboración da Memoria de Calidade, cuxa constitución e composición foi aprobada na Comisión de Calidade do 22 de febreiro de 2021, tal e como se recolle na acta número 28 recén aprobada.

A presidenta informa de que a Memoria de Calidade 2018-2019 veu aprobada pola Área de Calidade o 23 de febrero de 2021 e que se levará a aprobar na Xunta de Facultade do 15 de abril de 2021.

A presidenta remata o informe indicando que na comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno celebrada o 3 de marzo foi aprobado o Plan Estratégico da Facultade de Formación do Profesorado que recorda, ampliouse ao período 2016-22.

Por último, a presidenta informa de que o día 14 de abril chegou dende a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, o Informe sobre o Abandono Potencial do alumnado, no que constan dous alumnos de primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil. A presidenta concédelle a palabra á secretaria. A profesora Poncet Souto explica que contactou con estes alumnos, un abandoa definitivamente o Grao e o outro se vai presentar a algunha materia na convocatoria de Xullo polo que non abandoa.

### **3. Aprobación, se procede, das Coordinacións de Curso para o vindeiro 2021-22**

A presidenta explica que estas coordinacións foron aprobadas na Comisión de Título do Grao en Mestra/e de Educación Primaria e na Comisión de Título de Grao en Mestra/e de Educación Infantil e que se celebrou conxuntamente o día 15 de abril de 2021 previa a esta Comisión de Calidade.

A presidenta traslada a relación de profesoras e profesores responsables das diferentes coordinacións nos Graos de Educación Infantil e Primaria para o curso 2021-2022.

<b>GRAO ED. INFANTIL</b>	
<b>Título</b>	<b>Pablo César Muñoz Carril</b> (Pedagogía e Didáctica)
<b>Curso</b>	
<b>1º Curso</b>	<b>Silvia López Gómez</b> (Pedagogía e Didáctica)
<b>2º Curso</b>	<b>Pablo García Marín</b> (Didácticas Aplicadas)
<b>3º Curso</b>	<b>Monserrat Souto Gómez</b> (Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral)
<b>4º Curso</b>	<b>Cristina Martínez Tejero</b> (Didácticas Aplicadas)

<b>GRAO ED. PRIMARIA</b>	
<b>Título</b>	<b>Paula López Rúa</b> (Filoloxía Inglesa e Alemá)
<b>Curso</b>	
<b>1º Curso</b>	<b>María Campos Magdaleno</b> (Psicoloxía evolutiva)
<b>2º Curso</b>	<b>Mª José Romero Castro</b> (Didácticas Aplicadas)
<b>3º Curso</b>	<b>Virginia Aznar Cuadrado</b> (Didácticas Aplicadas)
<b>4º Curso</b>	<b>Paula López Rúa</b> (Filoloxía Inglesa e Alemá)

<b>DOBRE GRAO</b>	
<b>Título</b>	<b>Paula López Rúa</b> (Filoloxía Inglesa e Alemá)
<b>Curso</b>	
<b>1º Curso</b>	<b>Silvia López Gómez</b> (Pedagogía e Didáctica)
<b>2º Curso</b>	<b>Mª José Romero Castro</b> (Didácticas Aplicadas)

3º Curso	<b>Monserrat Souto Gómez</b> (Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral)
4º Curso	<b>Paula López Rúa</b> (Filoloxía Inglesa e Alemá)
5º Curso	<b>Cristina Martínez Tejero</b> (Didácticas Aplicadas)

	<b><i>TFGs</i></b>
<i>Grao en Mestre/a E. Infantil</i>	<b>Joaquín Lago Ballesteros</b> (Didácticas Aplicadas)
<i>Grao en Mestre/a E. Primaria</i>	<b>Rubén Navarro Patón</b> (Didácticas Aplicadas)

	<b><i>PRACTICUM</i></b>
<b>Coordinadora Xeral</b>	<b>Eva Mª Barreira Cerqueiras</b> (Pedagogía e Didáctica)
<i>Grao en Mestre/a E. Infantil</i>	<b>Eva Mª Barreira</b> (Pedagogía e Didáctica)
<i>Grao en Mestre/a E.</i>	<b>Pablo González S.</b> (Didácticas Aplicadas)

A presidenta abre unha rolda de intervencións. Non hai.

A presidenta somete a aprobación as coordinacións de curso para o curso 2021-2022, e quedan aprobadas por asentimento.

#### **4. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 2019-20 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.**

A presidenta concede a palabra ao coordinador do Grao en Mestra ou Mestre de Educación Infantil.

O profesor Pablo Muñoz Carril explica o Informe de Seguimento do Título de Infantil.

O coordinador de Título informa de que o Informe de Seguimento de Infantil foi aprobado pola Comisión Intercentros, Comisión de Título de Graduada ou Graduado en Mestre de Educación Infantil e se trae para a súa aprobación, nesta Comisión de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado.

A presidenta agradece ao profesor Pablo Muñoz Carril a súa intervención e abre unha rolda de preguntas, non hai.

A presidenta somete a aprobación o Informe de Seguimento do Título de Graduada ou Graduado en Mestre de Educación Infantil, e queda aprobado por asentimento.

#### **5. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 2019-20 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria**

A presidenta concede a palabra á coordinadora do Título de Primaria.

A profesora Paula López Rúa explica o Informe de Seguimento do Título de Primaria.

A presidenta agradece á profesora López Rúa a súa intervención e abre unha rolda de preguntas. Non hai.

A presidenta somete a aprobación o Informe de Seguimento do Título de Graduada ou Graduado en Mestre de Educación Primaria, e queda aprobado por asentimento.

#### **6. Rolda aberta de intervencións.**

A presidenta abre unha rolda de intervencións. Non hai.

A presidenta agradece o traballao feito por todas as persoas implicadas na elaboración dos Informes de Seguimento de ambos Títulos, tanto de Lugo como de Compostela. Agradece especialmente o inxente traballo do profesor Pablo Muñoz Carril e da profesora Paula López Rúa, coordinadores do Título de Infantil e Primaria respectivamente.

A presidenta agradece a presenza dos membros da Comisión e dá por rematada a sesión, da que estendo acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO**, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 22:10:29.

**Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO**, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 19:49:47.

**CSV: D6BD-1EE5-4BC5-8263**

## **REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

---

### **Acordos Acta número 30, de 30 de abril de 2021**

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. O medio electrónico a través do que terá lugar a sesión será Ms Teams.

DATA: 30 de abril de 2021

HORA DE COMEZO: 10:00

HORA DE REMATE: 10:30

#### **ASISTENTES**

Aznar Cuadrado, Virginia  
Barreira Cerqueiras, Eva María  
Caldeiro Pedreira, M<sup>a</sup> Carmen  
Campos Magdaleno, María  
García Marín, Pablo  
González Sequeiros, Pablo  
Lago Ballesteros Joaquín  
López Gómez, Santiago  
López Gómez, Silvia  
López Rúa, Paula  
Muñoz Carril, Pablo César  
Navarro Patón, Rubén  
Pena Presas, Monserrat  
Poncet Souto, Marta M<sup>a</sup>  
Romero Castro, María José  
Sarceda Gorgoso María Carmen

#### **ESCUSA ASISTENCIA**

Otero Urtaza, Eugenio Manuel

#### **ORDE DO DÍA:**

**1.- Aprobación, se procede, do Plan De Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP (PLAN FORTE-FFP)**

O “Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudiantado da FFP (Plan FORTE-FFP)”, integra a diversidade de accións e iniciativas que se desenvolven na Facultade en todos os cursos dos Graos, e que contribúen á formación e á orientación académico-profesional do alumnado.

O “Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudiantado da FFP (PLAN FORTE-FFP)” queda aprobado por asentimento.

A secretaria

Visto e prace, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso



## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO**, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 22:10:29.

**Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO**, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 19:49:47.

**CSV: 884C-023E-45BD-B678**

**REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE.  
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

---

**Acordos Acta número 31, de 20 de maio de 2021**

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase presencialmente e a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020.

DATA: 20 de maio de 2021

HORA DE COMEZO: 13:00 h.

HORA DE REMATE: 14:00 h.

**ASISTENTES**

Aznar Cuadrado, Virginia  
Barreira Cerqueiras, Eva María  
Caldeiro Pedreira, M. Carmen  
Fernández García, Fátima  
García Marín, Pablo  
González Sequeiros, Pablo  
Lago Ballesteros Joaquín  
López Gómez, Santiago  
López Gómez, Silvia  
López Rúa, Paula  
Muñoz Carril, Pablo César  
Navarro Patón, Rubén  
Pena Presas, Monserrat  
Poncet Souto, Marta M<sup>a</sup>  
Romero Castro, María José  
Sarceda Gorgoso, María Carmen

**ESCUSA A SÚA AUSENCIA**

Campos Magdaleno, María

**ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado. Curso 2019-20**

A presidenta sinala os documentos que se tomaron como referencia para a elaboración da Memoria de Calidade 2019-2020. Indica que a Memoria de Calidade é un documento que recolle todas as accións de mellora postas en marcha no 2019-2020, e as que se propoñen para o curso 2020-2021.

A presidenta abre unha rolda de intervencións, previa á aprobación da Memoria de Calidade 2019-2020. Hai varias intervencións.

A presidenta somete a aprobación a Memoria de Calidade do curso 2019-2020, e queda aprobada por asentimento.

A secretaria

Visto e prace, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO**, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 22:10:29.

**Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO**, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 19:49:47.

**CSV: 907E-AC0B-4DCF-9A84**

## REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

---

### Acta número 32, de 26 xullo de 2021

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. Os acordos tomáanse no prazo fixado respostando, vía correo electrónico, mediante a opción: “responder a todos” para que todos teñan coñecemento da contestación/voto de todos, sendo as posibilidades: a favor, en contra, abstención.

DATA: 26 de xullo de 2021

HORA DE COMEZO: 12:00

HORA DE REMATE: 12:15

#### ASISTENTES

Barreira Cerqueiras, Eva María (PDI)  
Ana María Brao Viña (PAS)  
Caldeiro Pedreira, M<sup>o</sup> Carmen (PDI)  
Fátima Fernández García (Estudiante)  
Lago Ballesteros Joaquín (PDI)  
López Rúa, Paula (PDI)  
Muñoz Carril, Pablo César (PDI)  
Navarro Patón, Rubén (PDI)  
Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)  
Poncet Souto, Marta M<sup>a</sup> (PDI)  
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

#### ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado (5<sup>o</sup> edición)**

Sométese a aprobación o Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado (quinta edición). Apróbase co voto favorable de todos os asistentes.

A secretaria

Visto e prace, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO**, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 22:10:29.

**Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO**, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/01/2022 19:49:47.

**CSV: CFF5-8679-4933-8403**